

CONCURSO DE CARTEIS DA LV FESTA DO MARISCO

BASES

O Concello do Grove convoca o concurso de carteis para elixir o que anunciará a LV edición da Festa do Marisco, segundo as seguintes

B A S E S:

1ª) O cartel terá que levar, de xeito que se aprecie sensiblemente, o anagrama que o Concello do Grove ten rexistrado (centola coa cunca) e as datas nas que terá lugar a seguinte festa (do 4 ao 14 de outubro de 2018), ademais de incluír expresamente o nome de “Festa do Marisco. O Grove” e a edición correspondente.

2ª) As medidas do cartel terán que ser de 30 x 45 cm., en sentido vertical e horizontal. E dicir, deberá presentarse unha versión en vertical e outra en horizontal.

3ª) O xurado será nomeado polo Concello do Grove. O ditame será inapelable, aceptando os participantes as presentes bases polo feito de participaren.

4ª) Os bosqueiros terán que estar entregados nas oficinas do Concello do Grove antes das 14:00 horas do día 29 de setembro de 2017. A entrega do cartel irá acompañada dun sobre pechado, dentro do que terá que constar o nome completo, dirección, teléfono e correo electrónico do concursante, así como dunha copia en dixital que conteña o bosqueiro do cartel.

5ª) Cada concursante só poderá presentar un cartel ao concurso. O bosqueiro gañador terá un premio en metálico de **500 euros**.

6ª) A persoa premiada deberá adaptar o cartel a diferentes medidas pedidas chegado o momento polo Concello.

7ª) A persoa premiada cederá tódolos dereitos de publicación, tanto do cartel coma calquera outra forma de impresión para programas e folletos, ao Concello do Grove.

O Grove, 19 de setembro de 2017

Jose A. Cacabelos Rico
Alcalde do Ilmo. Concello do Grove

